

CENTRO  
**I.E.S. María Sarmiento**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

---

**EDUCACIÓN PLÁSTICA e VISUAL**

DEPARTAMENTO  
**DEBUXO**

CURSO  
**3º E.S.O.**

ANO ACADÉMICO  
**2019/20**

# ÍNDICE

## 1. GLOSARIO

## 2. CONTEXTO

Centro

Alumnado

Obxectivos (adaptados ao contexto do centro e do alumnado)

## 3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

## 4. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA

## 5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

## 6. METODOLOXÍA

Outras decisións metodolóxicas

## 7. AVALIACIÓN

Avaliación inicial

Acreditación de

coñecementos previos

Avaliación continua

Avaliación final

Avaliación extraordinaria

Recuperación e avaliación de pendentes

## 8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA

**DOCENTE** Indicadores de logro do proceso de ensino

Indicadores de logro da práctica docente

## 9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## 10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas ordinarias e extraordinarias

## 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

## 12. DATOS DO DEPARTAMENTO

## 13. REFERENCIAS NORMATIVAS

# 1. GLOSARIO

2º nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.

Desenvolvemento curricular

3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.

Programacións didácticas

4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.

Programación de aula

Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.

Programación didáctica

Criterios de avaliación

Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).

Estándares de aprendizaxe

Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.

**Criterios de cualificación**

Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa gradación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). **O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.**

Indicadores de logro

Grao de consecución dun estándar

Serve para sinalar o **grao mínimo de consecución** esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.

Criterios de cualificación e instrumentos

Serven para ponderar **“o valor”** que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.

**Procedementos e instrumentos**

Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a **integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente** (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).

Rúbrica

Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.

Portfolio

Achega de producións dun alumno/a.

## OUTROS ASPECTOS

Gradación dos estándares	Para identificar o progreso dos estándares ao longo dunha etapa.
Perfil de área	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliábeis pónense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).
Avaliación das competencias	A <b>avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos</b> , na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde ECD 65/2015).
Nivel de desempeño das competencias	<b>Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación [...] que teñan en conta á atención á diversidade</b> (art. 7.4 da Orde ECD/65/2015).
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	<b>Exemplo: B1.1: B1:</b> Bloque de contido / <b>1:</b> Número de contido dun bloque.
Identificación de estándares	<b>Exemplo: EPVAB1.1.2</b> <b>EPVA:</b> Abreviatura da área: Educación Plástica, Visual e Audiovisual . <b>B1.</b> Bloque de contidos do que xorde o estándar. <b>1.</b> Número do criterio de avaliación que orixina o estándar. <b>2.</b> Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

## 2. CONTEXTO

### O CENTRO

O I.E.S. María Sarmiento é un centro público dependente da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia. O Centro está formado por cinco edificios máis un ximnasio e un polideportivo compartido co outro instituto do concello.

Está composto polos seguintes edificios:

- (a) EDIFICIO A: Administración do centro, sala de profesores, despachos dos cargos directivos e orientación, aulas de ESO e do ciclo de Administración, Informática, laboratorio de ciencias e aula de tecnoloxía.
- (b) EDIFICIO B: Biblioteca, aulas de informática, aulas de ESO e de FP Básica, laboratorio de física e química.
- (c) EDIFICIO C: Aulas de música e plástica, FP Básica de mantemento de vehículos e talleres dos ciclos de electricidade e de transporte e mantemento de vehículos.
- (d) EDIFICIO D: Aulas de ESO e BAC, talleres de soldadura e aula técnica, talleres de carrozaría e aula técnica.
- (e) EDIFICIO E: Aulas de bacharelato, FP Básica de Mantemento de vehículos, cociña e comedor escolar.

#### 1. Situación

O centro está situado no concello de Viveiro, que é un concello do norte da provincia de Lugo pertencente á Comarca da Mariña Occidental. O dito concello limita ao norte co mar Cantábrico, ao sur co concello de Ourense, ao este co de Xove e ao oeste co d'O Vicedo.

Segundo as cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro de 2017 (datos obtidos do Instituto Galego de Estatística) Viveiro tiña 15550 habitantes nesa data. É o terceiro concello con máis poboación da provincia de Lugo poer detrás de Lugo e Monforte de Lemos.

No tocante á situación socioeconómica do alumnado, dicir que a maioría das familias encadraríanse dentro da clase media. En canto á situación da residencia familiar predominan o alumnado que provén dos núcleos de poboación de Celeiro, Viveiro centro, Covas e o centro urbano d'O Vicedo, combinados cunha poboación moi rural diseminada polos concellos d'O Vicedo, Ourol, Muras e a parte sur do concello de Viveiro.

## **2. Centros adscritos**

- (a) CEIP de Celeiro
- (b) CEIP do Vicedo
- (c) CEIP Plurilingüe Santa Rita de Galdo

## **3. Ensinanzas que oferta o centro no presente curso**

Dentro do **réxime xeral**:

- (a) Educación Secundaria Obrigatoria cos dous Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento, un en 2º da ESO de dous anos académicos e outro en 3º da ESO dun ano académico.
- (b) Programas de Formación profesional básica de Mantemento de vehículos e de Servizos administrativos.
- (c) Ciclos formativos de grao medio: Xestión administrativa, Soldadura e caldeiraría, Instalacións eléctricas e automáticas, Carrozaría (só 2º curso porque para o vindeiro ano non se vai ofertar) e Electromecánica de vehículos automóbiles.
- (d) Ciclos formativos de grao superior: Administración e finanzas, Automoción (só o 1º curso este ano porque é a primeira vez que se oferta) e Sistemas electrotécnicos e automatizados.
- (e) Bacharelatos nas modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais.

Dentro do réxime de ensinanzas de **adultos**

- (a) ESA Nivel III, módulos I, II, III e IV
- (b) Ciclo formativo de Xestión administrativa modular
- (c) Bacharelatos nas modalidades de Ciencias e Ciencias Sociais.

#### 4. Características singulares

- (a) O centro dispón de comedor escolar.
- (b) O alumnado dispón de transporte escolar.
- (c) O número de estudantes é 760 estudantes no presente curso (datos do 25/10/2019).

## O ALUMNADO

### 1. Poboación inmigrante

No presente curso hai un total de 29 alumnas e alumnos con nacionalidade non española, repartidos da seguinte forma (datos a 1/11/2018):

Nacionalidade	Nº de estudantes
Alxeriana	1
Brasileira	7
Caboverdiana	1
Dominicana	10
Israelita	2
Marroquí	1
Peruana	1
Portuguesa	2
Romanesa	6
Rusa	1
Senegalesa	1
Urugaia	2

## 2. Estatística de matrícula

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
1º Ensinanza secundaria obrigatoria	45	54	99
2º Ensinanza secundaria obrigatoria	38	35	73
2º Ensinanza secundaria obrigatoria PMAR	3	3	6
3º Ensinanza secundaria obrigatoria	34	39	73
3º Ensinanza secundaria obrigatoria PMAR	5	4	9
4º Ensinanza secundaria obrigatoria Ensinanzas académicas	32	12	44
4º Ensinanza secundaria obrigatoria Ensinanzas aplicadas	4	10	14
1º Bacharelato Ciencias	11	15	26
1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	11	7	18
1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Humanidades	14	3	17
2º Bacharelato Ciencias	10	15	25
2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	10	5	15
2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Humanidades	5	5	10
(A)-1º Bacharelato Ciencias	5	7	12
(A)-1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	3	0	3
(A)-2º Bacharelato Ciencias	3	7	10
(A)-2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	1	4	5
1º Administración e finanzas	12	1	13
1º Automoción	2	17	19
1º Electromecánica de vehículos automóbiles	2	13	15
1º Instalacións eléctricas e automáticas	0	8	8
1º Mantemento de vehículos	1	12	13
1º Servizos administrativos	12	4	16
1º Sistemas electrotécnicos e automatizados	1	20	21
1º Soldadura e caldeiraría	0	16	16
1º Xestión administrativa	7	2	9
2º Administración e finanzas	9	8	17
2º Automoción	0	13	13
2º Carrozaría	0	2	2
2º Electromecánica de vehículos automóbiles	1	15	16
2º Instalacións eléctricas e automáticas	1	3	4
2º Mantemento de vehículos	0	9	9
2º Servizos administrativos	5	3	8
2º Sistemas electrotécnicos e automatizados	0	12	12
2º Soldadura e caldeiraría	1	16	17
2º Xestión administrativa	9	4	13
(A)-Soldadura e caldeiraría	0	1	1
(A)-Xestión administrativa	15	1	16
(A)-ESO Módulo 1 (1º Cua.)	2	9	11
(A)-ESO Módulo 3 (1º Cua.)	20	9	29



### 3. Medidas organizativas para a atención á diversidade

#### 1º DA ESO: 99 ALUMNOS/AS

O alumnado de 1º da ESO está distribuído en catro grupos

##### Organizáronse as seguintes medidas de atención a diversidade

- **Exención da segunda lingua estranxeira (Francés)**  
23 alumnos/as están exentos de cursar a segunda lingua estranxeira e reciben reforzo educativo (RE) nas linguas.
- **Alumnado con Adaptación Curricular Significativa (ACS)**  
1 alumno

#### 2º DA ESO: 73 ALUMNOS/AS

O alumnado de 2º da ESO está distribuído en tres grupos

##### Organizáronse as seguintes medidas de atención á diversidade

- **Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)** de dous anos académicos.  
3 alumnos e 3 alumnas
- **Exención da segunda lingua estranxeira (Francés)**  
26 alumnos/as están exentos de cursar a segunda lingua estranxeira e reciben reforzo educativo (RE) nas linguas.
- **Alumnado con Adaptación Curricular Significativa (ACS)**  
4 alumnos e 4 alumnas

#### 3º da ESO: 73 alumnos/as

O alumnado de 3º da ESO está distribuído en tres grupos

##### Organizáronse as seguintes medidas de atención á diversidade

- **Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)**  
9 alumnas/os: 6 que proceden do PMAR de 2º e 3 que se incorporan ao PMAR de 3º dun ano académico.
- **Alumnado con Adaptación Curricular Significativa (ACS)**  
1 alumno

#### 4. Outras características

Non hai ningunha outra característica salientable.

#### 5. Obxectivos ESO e BAC

### OBXECTIVOS ESO

<b>a</b>	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
<b>b</b>	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
<b>c</b>	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
<b>d</b>	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
<b>e</b>	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
<b>f</b>	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
<b>g</b>	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
<b>h</b>	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
<b>i</b>	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

<b>l</b>	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
<b>m</b>	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
<b>n</b>	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
<b>ñ</b>	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito
<b>o</b>	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## OBXECTIVOS BACHARELATO

<b>a</b>	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
<b>b</b>	Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
<b>c</b>	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
<b>d</b>	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
<b>e</b>	Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
<b>f</b>	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

<b>g</b>	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
<b>h</b>	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
<b>i</b>	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
<b>l</b>	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
<b>m</b>	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
<b>n</b>	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
<b>ñ</b>	Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
<b>o</b>	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
<b>p</b>	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### 3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS			Material de ref. (libro de texto, outros...)	Temporalización	
	UD / Tema / Prox.	Bloque B1	Contidos		Mes	Sesións
	BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA					
1	B1.1.	Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	Láminas aportadas polo docente, etc.	IX	3	
	B1.2.	O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva		IX-X	3	
	B1.3.	A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade.		X	3	
2	B1.4.	O bosquejo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.	Láminas aportadas polo docente, etc.	X	2	
	B1.5.	Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento.		XI	3	
	B1.6.	Temperatura da cor		XI	3	
3	B1.7.	Simbolismo da cor.	Láminas aportadas polo docente, internet, etc.	XI-XII	3	
	B1.8.	Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.		XII	4	

2ª avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS			Material de ref. (libro de texto, outros...)	Temporalización	
	UD / Tema / Prox.	Bloque B2	Contido		Mes	Sesións
	BLOQUE 2. COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL					
4	B2.1.	Percepción visual. Proceso perceptivo.	Láminas aportadas polo docente, internet, etc.	I-II	8	
	B2.2.	Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.				
	B2.3.	Ilusións ópticas.				
	B2.4.	Leis ou principios da Gestalt.				
	B2.5.	Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.				
5	B2.6.	Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.	Láminas aportadas polo docente, cámara del móbil, internet, etc	II	6	
	B2.7.	Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe.				
	B2.8.	Denotación e connotación.				
	B2.9.	Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.				
6	B2.10.	Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.	Láminas aportadas polo docente, internet, Cine etc	III	6	
	B2.11.	Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.				
	B2.12.	Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.				
	B2.13.	Cine. O cine como medio de comunicación.				
	B2.14.	Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.				

3ª Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS		Material de ref. (libro de texto, outros...)	Temporalización	
	UD / Tema / Prox.	Bloque B3		Contidos	Mes
	<b>BLOQUE 3. DEBUXO TÉCNICO</b>				
7	B3.1.	Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	Láminas aportadas polo docente, etc.	III-IV	6
	B3.2.	Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.			
	B3.3.	Construción de polígonos regulares dado o lado.			
8	B3.4.	Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.	Láminas aportadas polo docente, internet, etc.	IV-V	10
	B3.5.	Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides.			
	B3.6.	Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides.			
	B3.7.	Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.			
	B3.8. B3.9.	Redes modulares: cadrada e triangular. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.			
9	B3.10.	Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivivos. Vistas diédricas dun sólido.	Láminas aportadas polo docente, internet, etc.	V-VI	8
	B3.11.	Introdución ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.			
	B3.12.	Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.			

#### 4. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA

Temporalización: 1ª avaliación		Estándares de aprendizaxe avaliáveis				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación										Elementos transversais												
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe (1)	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos							Elementos transversais													
								Proba Escrita*	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb. (2)	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV						
1	B1.1.	B1.1.	EPVAB1.1.1.	CAA	EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	50%	20%			80%				20%			x											
			EPVAB1.1.2.	CSIEE	EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	50%	20%	20%		60%				20%			x											
	B1.2.	B1.2.	EPVAB1.2.1.	CSIEE	EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	50%	20%	25%	25%	25%			25%	x	x													
	B1.3. B1.4.	B1.3. B1.4.	EPVAB1.3.1.	CCEC	EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	70%	40%			80%				20%			x								x			
2	B1.5. B1.6. B1.7.	B1.5. B1.6. B1.7.	EPVAB1.4.1.	CSIEE	EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	60%	20%			80%				20%			x	x										
			EPVAB1.4.2.	CSC	EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	70%	40%			80%				20%			x											
			EPVAB1.4.3.	CSIEE	EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	70%	40%			80%				20%			x											
3	B1.8.	B1.8.	EPVAB1.5.1.	CCL	EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	70%	20%			80%				20%			x											
			EPVAB1.5.2.	CCEC	EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	80%	20%			80%				20%			x											
			EPVAB1.5.3.	CCEC	EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	80%	20%			80%				20%			x											
			EPVAB1.5.4.	CAA	EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	80%	10%			80%				20%			x											
			EPVAB1.5.5.	CSIEE	EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	80%	10%			80%				20%			x											
			EPVAB1.5.6.	CSC	EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as calidades gráfico-plásticas.	80%	10%			80%				20%											x			
			EPVAB1.5.7.	CSC	EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	80%	20%			50%				50%											x			

		Temporalización: 2ª avaliación			Estándares de aprendizaxe avaliados		Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Elementos transversais							
tema/U D	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						Elementos transversais								
								Proba Escrita*	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb. (2)	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
4	B2.1 B2.2	B2.1	EPVAB2.1.1.	CAA	▪ EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	60%	25%	20%		60%				20%	x	x	x	x				
	B2.3 B2.4	B2.2	EPVAB2.2.1 EPVAB2.2.2.	CSC CCEC	▪ EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt. ▪ EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	60%	25%	20%	20%	40%				20%	x	x	x	x				
	B2.5	B2.3	EPVAB2.3.1	CD	▪ EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	60%	25%	20%	20%	40%				20%	x		x	x				
	B2.6	B2.4	EPVAB2.4.1	CCL	▪ EPVAB2.4.1. Distingue significativo e significado nun signo visual.	70%	20%	20%	20%	40%				20%	x	x	x	x				
5	B2.7 B2.8	B2.5	EPVAB2.5.1. EPVAB2.5.2.	CCL CCEC	▪ EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos. ▪ EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	70%	20%	20%	20%	40%				20%	x	x	x	x				
	B2.9	B2.6	EPVAB2.6.1. EPVAB2.6.2.	CCL CD	▪ EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía. ▪ EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	70%	20%	20%	20%	40%	40%			20%	x	x	x	x				
	B2.10	B2.7	EPVAB2.7.1	CCL	▪ EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	60%	20%			40%	40%			20%	x		x	x				
6	B2.11	B2.8	EPVAB2.8.1.	CSC	▪ EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	60%	20%	20%	20%	40%				20%	x	x	x	x				
	B2.12	B2.9	EPVAB2.9.1.	CCL	▪ EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	60%	20%	20%		60%				20%	x		x	x				
	B2.13	B2.10	EPVAB2.10.1.	CCEC	▪ EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.	50%	20%	20%	20%	40%				20%	x	x	x	x				
	B2.14	B2.11	EPVAB2.11.1	CD	▪ EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	60%	20%			40%	40%			20%	x	x	x	x				



Temporalización: 3ª avaliación				Estándares de aprendizaxe avaliáveis		Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Elementos transversais												
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos							Elementos transversais											
								Proba Escrita*	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb. (2)	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV				
7	B3.1.	B3.1.	EPVAB3.1.1	CCL	▪ EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	60%	30%	20%	20%	40%				20%	x	x	x									
	B3.2.	B3.2.	EPVAB3.2.1	CAA	▪ EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	80%	35%	20%	20%	40%				20%	x	x										
	B3.3.	B3.3.	EPVAB3.3.1	CMCCT	▪ EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	80%	35%	20%		60%				20%	x	x										
8	B3.4.	B3.4.	EPVAB3.4.1	CMCCT	▪ EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	80%	20%	20%		60%				20%	x	x										
			EPVAB3.4.2	CA	▪ EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.	80%	20%	20%		60%				20%	x	x										
	B3.5.	B3.5.	EPVAB3.5.1	CMCCT	▪ EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	70%	15%	20%		60%				20%	x	x										
	B3.6.	B3.6.	EPVAB3.6.1	CSIEE	▪ EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	70%	15%	20%		60%				20%	x		x									
	B3.7.	B3.7.	EPVAB3.7.1	CMCCT	▪ EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	70%	15%	20%		60%				20%	x		x									
